

Bases do Concurso CinEOI Coruña Curtas 2015

O Equipo dinamización lingüística da Escola Oficial de Idiomas da Coruña convoca o V Festival CinEOI Coruña Curtas co obxectivo de promover a creatividade audiovisual en galego, que se rexe polas seguintes bases:

1. O tema das curtametraxes é libre e a súa duración non superará os 10 minutos.
2. As obras deben ser en **lingua galega** e poden incluír subtítulos nalgunha das linguas estudadas nas EOI.
3. A obra presentárase en formato dixital e poderá realizarse con calquera medio de gravación (videocámara, cámara dixital, cámara de móbil, tableta, etc.).
4. Acéptanse traballos do 2014, sempre que non participasen xa no CinEOI Coruña Curtas.
5. Haberá dúas categorías:
 - **Categoría absoluta**, na que pode participar todo o alumnado matriculado no curso 2014-2015 nas Escolas Oficiais de idiomas da Coruña e Santiago e na Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo.
 - **Categoría xuvenil e infantil**, na que poden participar estudantes de 3º ciclo de Primaria, ESO, Bacharelato e FP dos centros públicos e concertados do Concello da Coruña, do IES Manuel Murguía de Arteixo.

Chega con que un dos autores ou compoñentes do equipo estea matriculado nun dos devanditos centros educativos. Un mesmo autor poderá presentar máis dunha curta.
6. Establécense os seguintes premios:
 - **Categoría absoluta**
 - Primeiro premio: 350 € (a cargo dunha empresa local)
 - Segundo premio: valorado en 250 € (Concello da Coruña)
 - Terceiro premio: cheque regalo por valor de 200 € (EOI da Coruña e Santiago de Compostela)
 - Cuarto premio: 150 € (Escola de Arte Mestre Mateo)
 - **Categoría xuvenil** (premios outorgados por Gadis)
 - Primeiro premio: 250 €.
 - Segundo premio: 150 €.
 - Terceiro premio: 100 €.
 - **Premio á mellor música ou canción orixinal**. Cheque regalo por valor de 60 € (Musical47). Os participantes desta categoría deben declarar mediante o modelo que se facilitará nos centros colaboradores e na páxina web, que as pezas son orixinais e que ceden os seus dereitos á dirección da curta para a súa sincronización coas imaxes. Os centros educativos, persoal organizador e xurado non se fan responsables da veracidade da declaración e, polo tanto, das consecuencias legais que poida ocasionar este feito.
7. A data límite de recepción de curtas será o **luns 6 de abril de 2015**.
8. As curtas presentaranse a través de calquera dos seguintes medios:
 - na conserxería da EOI da Coruña, presencialmente ou por correo postal;

- por vía telemática, a través de calquera plataforma de transferencia online de ficheiros, enviando a ligazón de descarga ao correo endl.corunha@gmail.com;
 - en calquera dos casos deben figurar os seguintes datos: CinEOI Coruña Curtas (ENDL), nome da obra, duración, nome do autor/es, enderezo electrónico, centro no que estuda e, no caso do alumnado das Escolas de Idiomas, tamén curso, grupo e idioma.
9. Non se admiten obras que inciten ao racismo, á xenofobia, á violencia de xénero, á homofobia ou que atenten contra a dignidade da persoa. A comisión de selección decidirá que traballos son admitidos.
 10. Os autores e autoras das curtametraxes ceden gratuitamente os dereitos das súas obras para facer uso delas para exhibilas e duplicalas sen fins comerciais ata finais deste ano co fin da promoción do concurso. Calquera apropiación indebida de dereitos de autor ou autoría na curtametraxe é responsabilidade da persoa que a inscribiu.
 11. O xurado estará composto por recoñecidos membros do sector audiovisual e cinematográfico galego.
 12. A entrega de premios será o **22 de abril** na **Gala CinEOI 2015** que se celebrará na EOI da Coruña.
 13. A participación neste concurso implica a aceptación destas bases.